



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Asunto:** Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 29 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral da coalición electoral Espazo Común Galeguista en relación a proposta de debates formulada polos medios de comunicación de titularidade pública (CRTVG e RTVE), proposta na que non se contempla a participación da dita coalición electoral (doc. RE 316/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

### ANTECEDENTES

1. O 23 de xaneiro de 2024, o representante xeral de Espazo Común Galeguista formaliza unha denuncia en relación a proposta de debates formulada polos medios de comunicación de titularidade pública (CRTVG e RTVE), proposta na que non se contempla a participación da dita coalición electoral (doc. RE 316/2024).
2. O 24 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle ao Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) (RS 649/2024) e aos representantes xerais do Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego, Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE, Sumar Galicia e Podemos Galicia (RS 650/2024 a 654/2024) copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións. Destes traslados deuse coñecemento ao representante xeral da coalición electoral Espazo Común Galeguista (RS 665/2024).
3. Cumprindo o trámite concedido, o 25 de xaneiro de 2024, a CRTVG formulou alegacións (RE 334).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.** Os plans de cobertura informativa dos medios de comunicación de titularidade pública en período electoral deben responder aos principios de pluralismo político e social, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa na programación, como esixe o artigo 66.1 da LOREX e desenvolve a Instrución 4/2011, da Xunta Electoral Central, do 24 de marzo, sobre interpretación deste precepto no relativo ás garantías de respecto aos principios subliñados.

**Segundo.** Estas garantías de respecto se plasman, entre outros extremos, no establecemento dos recursos contra os plans de cobertura informativa, regulados no apartado quinto da precitada Instrución, e contra as actuacións e programas emitidos con incidencia electoral, consonte o apartado sexto.

**Terceiro.** A doutrina da Xunta Electoral Central aplicable, no que eiquí interesa, sinala que:



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

— Os principios de pluralismo político e social, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa implican dar un trato similar ás formacións que se atopan en similar posición ante o electorado “*como consecuencia dos resultados obtidos nas últimas eleccións equivalentes ou como consecuencia da súa consideración como grupos políticos significativos*” (Ac. do 21 de maio de 2019).

— As funcións das xuntas electorais en relación coa cobertura da campaña electoral polos medios de comunicación de titularidade pública, como sinala o artigo 66 da LOREX, “*límitase a resolver as reclamacións e recursos que as formacións concorrentes ás eleccións poidan presentar contra as decisións dos órganos de administración dos referidos medios*”.

*En suma, “a súa competencia circunscríbese a decidir se as actuacións impugnadas polos representantes das candidaturas vulneran os principios de pluralismo político e social, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa, expresamente garantidos polo artigo 66 “ (Ac. do 26 de maio de 2019).*

— A non competencia das xuntas electorais “*para resolver sobre feitos xurídicos hipotéticos ou futuros ata tanto estes non se produzan*” (por todos, Ac. do 7 de xullo de 2022).

**Cuarto.-** No presente caso o representante xeral da coalición electoral Espazo Común Galeguista solicita que a Xunta Electoral de Galicia reconsidere e mude a aquiescencia dos criterios para os debates electorais propostos pola RTVE e adoptados pola CRTVG e, polo tanto, se inclúa a esta formación nos debates electorais previstos nos medios de comunicación de titularidade pública, que motiva, entre outros extremos, polo feito de que das tres coalicións electorais concorrentes ao proceso electoral en curso, unicamente a formación recorrente está conformada integramente por formacións políticas galegas e que conta na nosa comunidade autónoma con máis de trinta concelleiros. Asemade, cuestiona que os criterios formulados pola RTVE se basean nos resultados obtidos nas pasadas eleccións xerais, non tendo en conta os obtidos nas eleccións municipais de 2023.

Esta Xunta Electoral, vistas e comprobadas as alegacións formuladas pola Corporación de RTVG, como ten reiterado a Xunta Electoral Central (Ac. 16/05/2005, 4/2/2021 e 7/7/2022) non pode pronunciarse sobre feitos hipotéticos e futuros, polo que, como a denuncia se presenta o día cando non estaban remitidos a esta Xunta electoral os Plans de cobertura informativa, que segundo se recolle na Instrución da Xunta Electoral Central 4/2011, do 24 de marzo, os órganos de dirección dos medios de titularidade pública someterán ás Xuntas Electorais competentes os seus plans de cobertura informativa da campaña electoral, nos que incluírán os debates, entrevistas e programas específicos de natureza electoral que pretendan realizar, así como os criterios sobre a información específica relativa á campaña electoral, polo que non resulta posible materialmente dar cumprimento ao solicitado.

Polo demais a condición de grupo político significativo recoñécese a “*aquellas formacións políticas concurrentes a las elecciones de que se trate que, pese a no haberse presentado a las anteriores equivalentes o no haber obtenido representación en ellas, con posterioridad, en recientes procesos electorales y en el ámbito territorial del medio de difusión, hayan obtenido un número de votos igual o superior al 5% de los votos válidos emitidos, si bien en el caso de coaliciones electorales, estas sólo podrán tener la consideración de grupo político significativo*”



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

*cuando alguno de los partidos políticos que la componen cumpla por sí solo lo dispuesto en el párrafo anterior”, como así preceptúa o apartado cuarto.2.3 da Instrución da Xunta Electoral Central 4/2011, de 24 de marzo. Requisitos que non reúne esta coalición electoral que está constituída formalmente para a súa participación nas eleccións autonómicas en curso e integrada por Espazo Común, Unidade Local, Coalición Galega e Galicia Sempre, xa que nas pasadas elección ao Parlamento de Galicia de 2020, unha das súas formacións políticas, Espazo Común, obtivo 1835 votos válidos, o que supón unha porcentaxe de 0,14%, e non acadou o limiar do 5 % nas eleccións de 2020 nin en posteriores procesos electorais.*

Consecuentemente, adóptase o seguinte

### **ACORDO**

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18:30 horas do próximo día 31 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:  
[xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal](mailto:xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal)